



BOP

XOVES, 20 DE DECEMBRO DE 2018

N.º 290

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

Anuncio

Bélida López Osorio (DNI 33723370B), solicita a segregación do tecor A Fonsagrada (LU-10002) de diversas leiras da súa propiedade nas proximidades de Lamas de Campo, termo municipal da Fonsagrada, que totalizan 31,26 hectáreas de terreo.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 30 de novembro de 2018.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 3550

Anuncio

José Pérez López (DNI 33304683Q), solicita a segregación do tecor A Fonsagrada (LU-10002) de diversas leiras da súa propiedade nas proximidades de Lamas de Campo, termo municipal da Fonsagrada, que totalizan 37,18 hectáreas de terreo.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 30 de novembro de 2018.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 3611

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2018 AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA E AS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL" AO OBXECTO DE ATENDER AS NECESIDADES TEMPORAIS DESTES TIPO DE PERSOAL NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público ou NO ARTIGO 15 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.

En sesión celebrada o día 14 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, ACORDA:

1º.- Aprobado as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre para a creación dunha listaxe de emprego temporal de "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL" (Técnico Superior, Grupo A, subgrupo A1) para xestionar de xeito áxil as necesidades de natureza temporal deste tipo de persoal.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír unha listaxe para emprego temporal das seguintes características:

- **DENOMINACIÓN PRAZA/EMPREGO/POSTO: AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**
- **GRUPO/SUBGRUPO: A/A1.**
- **CLASIFICACIÓN:** Técnico/a Superior.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.

Contra o presente Acordo, que pon fin a vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación deste Anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial, 17 de decembro de 2018.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO - OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

1.- **OBXECTO DA CONVOCATORIA:** Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como **"AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL"**.

2.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:**

DENOMINACIÓN: "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL".

- **GRUPO/SUBGRUPO DE CLASIFICACIÓN: A/A1.**
- **CLASIFICACIÓN:** Escala de Administración Especial. Subescala Técnica, Técnico/a Superior.

4.- **BASES DA CONVOCATORIA:**

A) **BASES XERAIS :** Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

B) **BASES ESPECÍFICAS:** As bases específicas que rexeran este proceso selectivo para constituír a listaxe serán as recollidas nos seguintes apartados

5.- **FUNCIÓNS DA PRAZA/POSTO DE TRABALLO:**

O cometido funcional desta praza/ posto de traballo/emprego de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local consistirá na realización das funcións propias da mesma, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Deputación provincial en calquera dos servizos desta.

Os ocupantes destes postos realizarán as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para este.

En ausencia de fixación destas na RPT, realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo Xefe da Área ou Servizo correspondente de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

6.- **REQUISITOS INDISPENSABLES. TITULACIÓN ACADÉMICA:**

DENOMINACIÓN	TITULOS ACADÉMICOS
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura/Grado en Dereito • Licenciatura/Grado en Dirección e Administración de Empresas • Licenciatura/Grado en Ciencias Económicas • Licenciatura/Grado en Ciencias Empresariais • Licenciatura/Grado en Ciencias Económicas e Empresariais. • Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos. • Licenciatura en Ciencias do Traballo • Titulacións académicas de Licenciatura ou Grado Universitario declaradas oficialmente equivalentes ás descritas nos apartados anteriores. • Titulacións académicas de Licenciatura ou Grado Universitario que teñan sido admitidas nas convocatorias de axudas da Xunta de Galicia para o

	exercicio, nas Entidades Locais, do posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.
--	---

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- PROGRAMA.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

Tema 2.- As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

Tema 3.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.

Tema 4.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

Tema 5.- O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.

Tema 6.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 170 do 26/07/2018): Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

Tema 7.- A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas. Especial referencia aos procedementos en materia de responsabilidade.

Tema 8.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O sistema retributivo.

Tema 9.- Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 10.- Desenvolvemento local. Características, obxectivos e evolución

Tema 11.- O desenvolvemento local. Definición. Ámbitos e liñas de actuación. Axentes e Actores.

Tema 12.- A orixe da figura do AEDL. O axente de emprego e desenvolvemento local. Perfil e competencias.

Tema 13.- Recursos de información para o axente de emprego e desenvolvemento local. Coñecementos, habilidades e actitudes.

Tema 14.- A relación de comunicación entre o AEDL – Emprendedor e o proceso de asesoramento.

Tema 12.- Os Servizos Públicos de Emprego. O Servizo público de emprego en Galicia.

Tema 16.- A intermediación pública de emprego. Concepto, características, principios básicos e os axentes da intermediación pública.

Tema 17.- Os subsistemas de formación Profesional. Definición, ámbito e Características.

Tema 18.- Os Programas de formación en alternancia co emprego en Galicia

Tema 19.- A formación para o emprego en Galicia e as accións formativas dirixidas principalmente a desempregados.

Tema 20.- Galicia ante o desafío do desemprego Xuvenil.

Tema 21.- Principais políticas Activas da Deputación de Lugo para o fomento e promoción do emprego na provincia de Lugo.

Tema 22.- O emprendemento social.

Tema 23.- As Redes de economía social en Galicia

Tema 24.- As sociedades laborais. Concepto e características. Trámites para a súa constitución.

- Tema 25.-** Traballo cooperativo en Galicia. Principios cooperativos e características substanciais das cooperativas.
- Tema 26.-** Pasos no emprendemento e apoio na economía social
- Tema 27.-** Emprendedores, impulsores do progreso. O concepto de emprendedor. Tipos de emprendedor. Características. A transición de emprendedor a empresario. Compoñentes da iniciativa emprendedora.
- Tema 28.-** Necesidades e solucións derivadas da globalización no tecido produtivo.
- Tema 29.-** As novas tecnoloxías como oportunidade de emprendemento.
- Tema 30.-** Clasificación das empresas que conforman o tecido empresarial atendendo os parámetros e características de cada entidade.
- Tema 31.-** Alternativas na constitución da idea emprendedora.
- Tema 32.-** Riscos e vantaxes derivados da elección da forma xurídica.
- Tema 33.-** Principais aspectos fiscais a considerar polo emprendedor en relación ó primeiro ano de actividade.
- Tema 34.-** O Autónomo como figura de emprendemento. Trámites de inicio de actividade.
- Tema 35.-** O traballador autónomo economicamente dependente e o autónomo colaborador.
- Tema 36.-** A sociedade limitada, posta en marcha. Concepto, características. Vantaxes e inconvenientes de sociedade limitada.
- Tema 37.-** Concepto e principais características da Sociedade civil e da Comunidade de Bens. Trámites para a súa posta en marcha.
- Tema 38.-** Financiamento social dos emprendedores.
- Tema 39.-** Características dos recursos e fontes do financiamento empresarial.
- Tema 40.-** Principais vías de financiamento ligadas ó novo emprendedor desempregado.
- Tema 41.-** O desenvolvemento da idea de negocio e a súa viabilidade.
- Tema 42.-** Principais aspectos a ter en conta no proxecto económico e financeiro da idea de negocio.
- Tema 43.-** Proxecto comercial vinculado a novas actividades empresariais.
- Tema 44.-** A nova evolución industrial en Galicia.
- Tema 45.-** Novos desafíos do sector secundario da Provincia de Lugo.
- Pazo Provincial, 17 de decembro de 2018.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3613

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 03/12/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de decembro do 2018 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/02/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 11 de novembro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3570

BURELA*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía nº 2018-0919 de 22/11/2018 apróbese a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación de 2 auxiliares administrativos/as ao abeiro do programa DEPUEMPREGO incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018:

"BASES PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE DE 2 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS AO ABEIRO PROGRAMA DEPUEMPREGO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.-

1.- OBJECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación de persoal ao abeiro do "Programa Depuemprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2018:

Nº de prazas	Ocupación	Grupo de cotización
2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	7

Funcións do posto:

- Atención ao público, telefónica e persoal
- Elaboración e mecanografiado de escritos diversos, correspondencia e resto de documentos.
- Manexo dos programas informáticos necesarios para a súa actividade (gravación de datos, obtención de listaxes, etc.).
- Xestión de correspondencia (recepción, distribución e arquivo).
- Tarefas sinxelas e programadas ou estandarizadas da xestión administrativa
- Fotocopiado de documentos e tarefas administrativas diversas
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

Todo isto conforme o disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello; igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

A natureza dos contratos será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo e a súa duración será de 7 meses a contar dende a súa sinatura.

Os/as aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo C2 622,01 €; complemento de destino (nivel 16) 363,23 €; complemento específico: 126,08 €; parte proporcional de paga extra: 184,27 €.

3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado en educación secundaria, graduado escolar ou técnico auxiliar ou bacharel elemental. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Ter a condición de persoa desempregada.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo . Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 5 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 3ª e achegará inescusablemente os seguintes documentos:

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros,

b) Fotocopia do título académico esixido.

c) Tarxeta de demanda de emprego actualizada ou documento acreditativo de estar desempregado.

d) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.

e) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes.

Concederase un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación o por conta de ningún.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

8.1.-FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será previa á do concurso. Constará das seguintes probas:

8.1.1.- Proba de coñecementos xerais e específicos: Obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 40 minutos, un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con tres respostas alternativas, sendo só una delas correcta. Tamén haberá que responder 3 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunhas das preguntas do cuestionario tipo test. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán cualificados como non aptos e quedarán eliminados.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgase 0,40 puntos.
- Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,16 puntos.
- As respostas en branco ou nulas non puntúan.

8.1.2.- Proba de galego

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o nivel de coñecemento de galego Celga 3 ou superior, curso de iniciación de galego ou estudos equivalentes.

8.2.-FASE DE CONCURSO:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen a fase de oposición.

Non terá carácter eliminatorio e nela valoraranse os seguintes méritos académicos:

a) Por estar en posesión de titulación académica superior á necesaria para acceder ao posto, ata un máximo de 1 punto:

-Técnico Superior en Administración e Finanzas: 0,50 puntos -Técnico en Xestión administrativa : 0,25 puntos	De acreditarse os dous, só se valorará ó de nivel máis alto.
-Calquera outra titulación superior a requirida para o posto ao que se opta: 0,10 puntos	

b) Por cursos que versen sobre materias relativas ó posto de traballo (cursos relacionados coa Administración en xeral, informática, novas tecnoloxías, mecanografía, atención ao público, arquivo de documentación,...), concederase ata un máximo de 4 puntos con arranxo á seguinte escala:

- De máis de 100 horas: 1 punto.
- De 71 a 100 horas: 0,75 puntos.
- De 21 a 70 horas: 0,50 puntos.
- De 10 a 20 horas: 0,25 puntos.
- Inferior a 10 horas e asistencia a xornadas, congresos e convencións: 0,10 puntos.

De non figurar as horas de duración entenderase que teñen menos de 10 horas.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

9.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Titulacións académicas: documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou certificación académica dos estudos realizados.

9.2. Cursos, seminarios, xornadas ou similares: diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

10.- CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

A citación ao Tribunal e aos/as aspirantes para a realización da primeira proba da oposición publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización, no seu caso, da proba de galego non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas.

Os resultados das probas publicarase así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os/as aspirantes serán convocados para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan. Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores, máquinas calculadoras, ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, o tribunal deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación dos/das aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de oposición e concurso, sempre que se teñan superados os exercicios da fase de oposición. Dita cualificación determinará a orde definitiva dos aspirantes na bolsa de emprego.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes a incluír na lista de reserva, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición. De manterse o empate, acudirase á puntuación obtida na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola orde establecida na base 8.2.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato.

Na citada lista figurarán os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada.

12.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, proponendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación aos/ás aspirantes que encabecen dita relación, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

13.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 11ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.
- Fotocopia compulsada do título académico esixido.

- O apartado b) mediante a presentación de Certificado médico para o efecto.
- Os apartados e) e f) con declaración xurada para o efecto.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houberse podido incorrer.

14.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder a praza que se convoca, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

17.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO. PROGRAMA DE MATERIAS PARA A FASE DE OPOSICIÓN.

Tema 1.-A Constitución Española de 1978. Estructura e principios xerais. Os dereitos fundamentais na Constitución Española.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 3.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da Administración á lei e o dereito. Fontes do dereito público.

Tema 4.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O obxecto e ámbito subxectivo de aplicación. Os interesados no procedemento administrativo. Capacidade de obrar, concepto de interesado e representación. Rexistros.

Tema 5.- A actividade das Administracións Públicas na Lei 39/2015. Normas xerais de actuación, termos e prazos.

Tema 6.- O acto administrativo. Requisitos e eficacia. A nulidade e anulabilidade do acto administrativo, conversión, conservación e convalidación dos actos administrativos.

Tema 7.- O procedemento administrativo común: principios xerais e fases.

Tema 8.- O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Organización e competencias.

Tema 9.- As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. As Ordenanzas Fiscais.

Tema 10.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: Clases e réxime xurídico. A función pública local: Clases de funcionarios locais. Dereitos e deberes dos empregados públicos."

Burela, 11 de novembro de 2018.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3551

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación mediante crédito extraordinario do expediente nº 415/2018 MC 19/2018 CE1 do vixente Orzamento Municipl, ó non haber reclamación no prazo de exposición ao público do acordo inicial de aprobación da mesma en sesión plenaria de 26 de outubro de 2018, publicado no BOP nº 269, do 23 de novembro de 2018.O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

ORZAMENTO DE GASTOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1.Gastos de persoal	740.590,89		740.590,89
2.Gtos. en bens ctes e serv.	377.875,38		377.875,38
3.Gastos financeiros	600,00		600,00
4.Transferencias correntes	38.330,78		38.330,78
6.Investmentos reais	745.737,53	122.000,00	867.737,53
7.Transferencias de capital	2480,65		2480,65
8.Activos financeiros	0,00		0,00
9.Pasivos financeiros	0,00		0,00
TOTAL			

ESTADO DE INGRESOS

ORZAMENTO DE GASTOS	ANTERIOR	MODIFICACION	TOTAL
1.Impostos directos	181.456,44		181.456,44
2.Impostos indirectos	10.000,00		10.000,00
3.Taxas e outros ingresos	70.797,74		70.797,74
4.Transferencias correntes	969.228,16		969.228,16
5. Ingresos patrimoniais	2.140,00		2140,00
6.Alleamento de investimentos	0,00		0,00
7.Transferencias de capital			
8.Activos financeiros	430.854,32		430.854,32
9.Pasivos financeiros	241.138,57	122.000,00	363.185,57
	0,00		0,00
TOTAL			

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderã interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgoso do Courel, 17 de decembro de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3612

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión do 13 de decembro de 2018, prestou aprobación á ordenanza reguladora das axudas á natalidade.

O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedendo á publicación do acordo e do texto da ordenanza, de conformidade co disposto na norma de aplicación.

Friol, 14 de decembro de 2018.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 3594

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión do 13 de decembro de 2018, prestou aprobación á ordenanza reguladora das axudas para a concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola e gandeiro.

O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo os/as interesados/as poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedendo á publicación do acordo e do texto da ordenanza, de conformidade co disposto na norma de aplicación.

Friol, 14 de decembro de 2018.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 3595

MEIRA

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 17/12/2018 o orzamento xeral para o exercicio 2019, bases de execución e o anexo de persoal para dito exercicio.

O que se fai público, de conformidade co establecido no artigo 20.1 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, en relación co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos de que os interesados poidan examinarlo en dependencias municipais e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que serán dirixidas ao señor alcalde, durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Dito orzamento considerárase definitivamente aprobado, se ao remate do período de exposición pública non se presenta ningunha reclamación.

Meira, 17 de decembro de 2018.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3614

POL

Anuncio

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial, de data 26 de outubro de 2018, aprobatorio de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Artigo 7. BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1. A base imponible do imposto está constituída polo orzamento de execución material da obra.
2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame aplicable establécese de acordo coa seguinte escala, en uso das facultades que confire o artigo 102 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:
 - a) O tipo de gravame será do 3 % da base imponible indicada no artigo anterior para as construcións, instalacións e obras de menos de 1.500.000,00 € de orzamento de execución material.
 - b) O tipo de gravame será do 3,80 % da base imponible indicada no artigo anterior para as construcións, instalacións e obras de máis de 1.500.000,00 € e menos de 20.000.000,00€ do orzamento de execución material.
 - c) O tipo de gravame será do 4 % da base imponible indicada no artigo anterior para as construcións, instalacións e obras de 20.000.000,00 € ou mais do orzamento de execución material.

En todo caso se establece como cota mínima a de 50,00 €. Con todo, cando se trate da obtención da declaración de incursión na situación legal de fora de ordenación total das construcións e edificacións a que se refire a disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei

9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección del Medio Rural de Galicia, excepcionalmente o importe para pagar será de 300,00 €.

4. No caso de obras iniciadas sen licenza, o imposto devéñase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, con independencia da correspondente sanción e obrigação de obter a correspondente licenza.

5. Se a obra non chegase a iniciarse, unha vez que se realizou a solicitude da licenza e iniciado o expediente, o contribuínte contrae a obrigação de satisfacer ao Concello o importe dos informes e expedición de documentos que ata ese momento xeráronse.

6. Nos casos de solicitude de prórroga valoráranse as unidades de obra do orzamento de execución material que resten por executar e ao devandito importe aplicarase o I.P.C. publicado polo I.N.E. correspondente ao período comprendido entre a data de outorgamento da Licenza de obras e a data de solicitude de prórroga. Sobre a cantidade resultante aplicarase o tipo de gravame establecido na presente ordenanza.

Artigo 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. Cando se conceda a licenza preceptiva practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2. Cando o orzamento sobre o que xire a liquidación provisional non se corresponda co custo real estimado segundo informe dos servizos técnicos municipais, xirarase liquidación complementaria da liquidación provisional.

3. Vistas a construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e o custo real efectivo das mesmas, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

4. O concello poderá esixir este imposto en réxime de autoliquidación. No caso de instalacións, construcións e obras cunha base impositiva superior a 1.500.000,00€ este réxime de autoliquidación é obrigatoria; presentando os suxeitos pasivos a autoliquidación e xustificante do ingreso da mesma nas contas municipais. O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez finalizadas as construcións, instalacións ou obras.

Disposición final

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

Pol, 18 de decembro de 2018.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3632

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 25/2018

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 23/10/2018, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 25/2018 do orzamento en vigor, transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto, pola cantidade de 55.000,00 euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	4.393.893,28	0,00	4.393.893,28
2	Gastos B. Correntes e Servizos	3.379.211,80	40.000,00	3.339.211,80
3	Gastos Financeiros	33.850,00	0,00	33.850,00
4	Transferencias Correntes	263.813,56	0,00	263.813,56
5	Fondo de continxencia	30.000,00	0,00	30.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	2.920.793,41	-40.000,00	2.960.793,41
7	Transferencias de Capital	64.544,28	0,00	64.544,28

B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	654.674,42	0,00	654.674,42
Total		11.767.826,29	0,00	11.767.826,29
ESTADO DE INGRESOS				
Capitulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	3.011.000,00	0,00	3.011.000,00
2	Impostos Indirectos	125.000,00	0,00	125.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.388.874,99	0,00	2.388.874,99
4	Transferencias Correntes	3.318.887,62	0,00	3.318.887,62
5	Ingresos Patrimoniais	13.823,38	0,00	13.823,38
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	1.031.441,28	0,00	1.031.441,28
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.328.799,02	0,00	1.328.799,02
9	Pasivos Financeiros	550.000,00	0,00	550.000,00
Total		11.767.826,29	0,00	11.767.826,29

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 18 de decembro de 2018.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3633

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 26/2018

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 23/10/2018, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 26/2018 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para a cobertura do recoñecemento extraxudicial de crédito 02/2018, pola cantidade de 15.752,69 euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capitulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	4.393.893,28	0,00	4.393.893,28
2	Gastos B. Correntes e Servizos	3.339.211,80	15.752,69	3.323.459,11
3	Gastos Financeiros	33.850,00	0,00	33.850,00
4	Transferencias Correntes	263.813,56	0,00	263.813,56
5	Fondo de continxencia	30.000,00	0,00	30.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	2.960.793,41	0,00	2.960.793,41
7	Transferencias de Capital	64.544,28	0,00	64.544,28
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	654.674,42	0,00	654.674,42
Total		11.767.826,29	15.752,69	11.752.073,60
ESTADO DE INGRESOS				
Capitulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.-Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	3.011.000,00	0,00	3.011.000,00
2	Impostos Indirectos	125.000,00	0,00	125.000,00

3	Taxas e outros Ingresos	2.388.874,99	0,00	2.388.874,99
4	Transferencias Correntes	3.318.887,62	0,00	3.318.887,62
5	Ingresos Patrimoniais	13.823,38	0,00	13.823,38
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	1.031.441,28	0,00	1.031.441,28
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.328.799,02	15.752,69	1.344.551,71
9	Pasivos Financeiros	550.000,00	0,00	550.000,00
Total		11.767.826,29	15.752,69	11.783.578,98

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 18 de decembro de 2018.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3634

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 04.12.2018 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 04.12.2018 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE OBRAS**.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 8 meses
- Xornada: parcial ao 75 %
- Salario: a retribución mensual bruta será de 965,34 incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de oficiais de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 4 de decembro de 2018.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3552

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 04.12.2018 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 04.12.2018 aprobou as bases para seleccionar **2 PRAZAS OFICIAIS DE PRIMEIRA DE OBRAS**.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 8 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.185,00 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de oficiais de primeira de obras segundo se recolle nas bases.

- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 4 de decembro de 2018.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3553

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 4 AS PALMAS DE GRAN CANARIA

Anuncio

D./Dña. MARGARITA BETANCOR RODRÍGUEZ, Letrado/a de la Administración de Justicia de este Juzgado de lo Social Nº 4 de Las Palmas de Gran Canaria, **HAGO SABER:** Que en los autos seguidos bajo el número 0000909/2018 en materia de Reclamación de Cantidad a instancia de D./Dña. JUAN MANUEL LAULHE VIEITEZ contra D./Dña. ALCOR SEGURIDAD S.L., se ha acordado citar mediante edicto dado su ignorado paradero, para el acto de vista oral que tendrá lugar el próximo día **26.02.2019 A LAS 11:00 HORAS**, advirtiéndole de lo dispuesto **en los artículos 82.2 y 83 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social**. Asimismo, se le requiere para que concurra al acto, al efecto de contestar al interrogatorio de preguntas de la contraparte, si así se hubiese interesado, así como para que aporte la documental que se indica en la demanda, cuya admisión se acordó por resolución judicial, haciéndole saber que las copias de la misma se encuentran a su disposición en la Secretaría de este Juzgado.

Y para que sirva de **citación** en legal forma, a ALCOR SEGURIDAD S.L., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia, en Las Palmas de Gran Canaria, a 4 de diciembre de 2018.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los Estrados de

ESTE JUZGADO, SALVO LAS QUE REVISTAN FORMA DE AUTO O SENTENCIA, O SE TRATE DE EMPLAZAMIENTO.

EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 3554

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES Y OBRAS EN ZONA DE POLICÍA

EXPEDIENTE: V/27/01123, A/27/28037

PETICIONARIO: Alberto Quiroga López

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda unifamiliar en Bonxe

LOCALIDAD: Bonxe (San Mamede)

TÉR. MUNICIPAL: Outeiro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego dos Fornos/Santa Marta

Las obras estarán situadas en la margen derecha del Rego dos Fornos, en la parcela 1 del polígono 97 en la parroquia de Bonxe (San Mamede), T.M. de Outeiro de Rei (Lugo), y consistirán en la instalación de una fosa séptica.

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda unifamiliar en Bonxe" - "Alberto Quiroga López", con un volumen máximo anual de 248,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta separadora de grasas.
- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones durante el indicado plazo, en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. sitas en Lugo, Ronda da Muralla, 131, 2º, donde estarán de manifiesto los expedientes.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3555

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01152

PETICIONARIO: Celso Otero Corral

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en As Casas Novas

LOCALIDAD: As Casas Novas, Pígara (San Pedro)

TÉR.M. MUNICIPAL: Guitiriz

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Innominado/Ladra

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en As Casas Novas" - "Celso Otero Corral", con un volumen máximo anual de 372,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3556